

Sondaxes arqueolóxicas na praza da Mercede nº 6, Verín

EDUARDO-BREGÁN NIETO MUÑIZ

O predio n.º 6 da praza da Mercede, como parte da zona vella de Verín, foi obxecto dunhas sondaxes valorativas previas á execución da reforma integral do inmovible. As remocións de terras reflectidas no proxecto arquitectónico reducíanse aos puntos de apoio das zapatas para a cimentación da nova estrutura.

Practicáronse catro sondaxes de 2 x 3 m cada unha, distribuídas por todo o soar. Todas elas foron escavadas ata o substrato natural, formado por un nivel de arxila avermellada, a unha fondura que oscilaba entre -1,25 m e -1,46 m; baixo este, a unha cota de -1,70 m, localizouse outra camada de arxila moito máis dura e de cor amarelada. A superficie total escavada foi de 24 m², que representa unha porcentaxe do 16% respecto aos 147 m² da superficie total interior do predio.

Polos características arquitectónicas, a antigüidade do predio non vai máis aló de mediados do século XIX, e non presenta ningún elemento decorativo nin arquitectónico destacable.

Inicialmente diferenciamos xa a parte dianteira da traseira, mediante unha variación de cota de 15 cm.; superior na parte dianteira. Ambas as partes se separaban mediante un muro en sentido N-S, límite traseiro orixinal do predio, antes da ampliación traseira levada a cabo a mediados do século XX.

Os muros desta ampliación asentaban os seus alicerces sobre unha camada de terra escura –de horta–, duns 0,50 m




Fachada do predio

de potencia, disposta directamente sobre a arxila do substrato. Cubríase aquela, á súa vez, con sucesivas camadas de recheo de area e cascallo. Foron estes recheos empregados como illante e nivelación do chan ao mesmo tempo que a ampliación do predio cara ás hortas traseiras. Esa terra de horta proporcionou practicamente o 100% do espolio material, entre o que destacamos numerosos fragmentos de louza de Talavera/Puente del Arzobispo, e Pickman (La Cartuja), que datan a ampliación traseira nunha data *post quem* 1841.

En S3 detectamos que o tabique E-W divisorio do portal e do baixo comercial actuais se asentaba sobre un lastrado de boa factura, e de escasa extensión, correspondente á primeira ocupación do predio. Baixo as laxas recuperamos unha moeda de 8 maravedís de 1844, que nos datou con gran precisión esa primeira fase construtiva. O lastrado dispúñase sobre unha camada de terra pisada ennegrecida, presente máis aló da propia extensión das laxas. Baixo el apareceu xa un simple nivel de recheo botado sobre o substrato. Todo o conxunto foi cortado polas gabias abertas para as tubaxes de gres da rede de saneamento contemporánea.

Cómpre indicar a recuperación dun só fragmento de *tegula* e un diminuto anaco de cerámica que nos levan a horizontes romanos, ambos embebidos no nivel superior do substrato, de arxila avermellada.



Restos arqueolóxicos no contorno



Imaxe da esquerda: restos da edificación do século XIX en S3. Dereita: estratigrafía completa en S3

Estes fragmentos foron moi residuais e non se pode relacionalos con ningún tipo de estrutura, nin tan sequera cun nivel arrasado desa cronoloxía, como si sucedeu no soar contiguo, escavado por D. Manuel García Valdeiras no ano 2001.

O baleiro en canto vestixios tanto de época romana como medieval foi sorprendente, dada a situación do soar. De feito, non foron detectados indicios que nos falen dunha ocupación anterior á propia construción do predio, a mediados do s. XIX. O espazo que ocupa a praza da Mercedes debeu ser ocupado por vez primeira canda o traslado dos mercedarios a Verín desde o castelo de Monterrei en 1597. A propia praza debeu nacer do resío do mosteiro, que pecha a fachada E desta, seguramente coa incorporación des-

tes espazos baldíos á rede urbana nas transformacións urbanísticas do século XIX.

Con todo, a falla de restos arqueolóxicos axúdanos a ir definindo a extensión do Verín romano, do cal nada fai pensar da súa extensión por esta parte da vila. Os restos dunha suposta *villa* máis ao E, no soar do Cine Buenos Aires, estudados por Taboada Chivite, ou a presenza dun pozo datado no último terzo do século I d. C. no soar contiguo, na esquina entre a rúa da Mercedes e a avenida Luis Espada, parecen falarnos dunhas instalacións de tipo agrícola nas aforas do núcleo principal do Verín romano. O centro deste situaríase no contorno da igrexa de Santa Mariña, onde apareceron os únicos restos estruturais da época atopados ata o de agora. □



Vista xeral das sondaxes